

AS NOSAS LETRAS GALEGAS

Ceip de Sestelo-Baión

Vilanova de Arousa



Dende o CEIP SESTELO-BAIÓN quixemos render homenaxe a unha das grandes da nosa Lingua: XELA ARIAS. Para ilo traballouse a súa biografía e obra adaptándose ás etapas de Ed. Infantil e Ed. Primaria.



Dende primeiros do mes de maio un gran cartel no exterior do centro, na porta principal, anunciaba o Día das Letras Galegas coa imaxe de Xela.



Na plataforma educativa Agueiro do cole os grupos dos equipos de Biblioteca e EDLG (traballando conxuntamente co Equipo de Actividades complementarias e extraescolares) editaban actividades, recursos e enlaces á "Primavera das Letras" (RAG) para que a comunidade educativa tivera ao seu dispor coñecemento da autora homenaxeada, diversidade de materiais e poder visualizar as actividades que ía realizando o alumnado.

O equipo de Biblioteca estivo colgando diariamente cada un dos capítulos da obra Non te amola! coas voces do alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

O alumnado de 5º e 6º de Ed. Infantil, no momento da merenda e o tempo de relaxación fixeron audicións de "Darío a diario" con A banda da Loba.

A través de Xela, lembramos a outras grandes MULLERES que levaron a nosa lingua nai, alén das nosas fronteiras. Cada curso escolleu e traballou unha autora.



Engadir que o alumnado de 6º de Ed. Primaria participou tamén no proxecto europeo de eTwinning, Letras Galegas, coordinado polo IES San Clemente de Santiago de Compostela, onde se traballou sobre Xela Arias como unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea.

“Intempériome” poema interpretado polo grupo A banda da Loba foi unha peza musical traballada na aula así como outros poemas escollidos.

A composición artística-visual para celebrar o 17 de maio compúxose no luminoso patio interior do centro que conta cun gran espazo, (pero coas limitacións a seguir polo protocolo de seguridade sanitaria).

Unha camelia doada por membros da comunidade educativa simbolizaba o eixo central da composición lembrando a obra de Xela Arias e como símbolo de coñecemento, vida e crecemento das nosas escritoras.

As letras das iniciais dos nomes das autoras traballadas penduran no aire xunto coas X de Xela Arias. Nunha das caras de cada letra o alumnado reflexou brevemente algo representativo ou informativo de cada unha delas.

Ao seu redor os proxectos de Ed. Infantil sobre “Rosalía de Castro” e “A camelia” enmarcan a presentación.



O vídeo presentación das Nosas Letras Galegas está na plataforma educativa Agueiro <https://agueiro.xunta.gal/> para os membros da comunidade educativa e na páxina web do EDLG do CEIP de Sestelo-Baión,

<https://edlgbaion.wixsite.com/lingua>



LETRAS GALEGAS 2021- XELA ARIAS

Ceip de Sestelo-Baión

Vilanova de Arousa.

2021